



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE ONCE DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 43)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **once de novembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de novembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DAS GUÍAS “LUGO ROMÁNICO-A ULLOA”, “LUGO ROMÁNICO: ANCARES-COUREL-SARRIA” E TRÍPTICOS COMPLEMENTARIOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración das guías “Lugo románico-A Ulloa”, “Lugo románico: Ancares-Courel-Sarria” e trípticos complementarios. 2022/CON_02/000073, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato e providencia de inicio, con CSV: IV7A64I2JUZ52TWJYQI475PEBY.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7A64I2OBWN3RO7AH5G4ERRM4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AZXDDEDUYXXJNYMACGMAEAU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7A3SSLDIU7USN2WQIBK4HD6E.



Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7A3SSJP5RYX2ULSMXWCRPDIA.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7A3UPLYHZ3V2ULW46GGMJACQ.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración das guías “Lugo románico-A Ulloa”, “Lugo románico: Ancares-Courel-Sarria” e trípticos complementarios. 2022/CON_02/000073.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse os convites ao licitador que se indica a continuación: Producciones 60 Ráfagas S.L con CIF B27461748 e enderezo de correo electrónico 60rafagas@60rafagas.com

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 29.900 €, aos que se engadirá o IVE (21%) de 6.279 €, o que fai un total de 36.179 €.

O gasto financiarase segundo consta no informe de consignación da Intervención con CSV: IV7AZXDDEDUYXXJNYMACGMAEAU.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS PROPANO CON DESTINO AOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSAGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO, NAVIA DE SUARNA E RIBAS DE SIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se conteñen os seguintes extremos:

1. Acordo da Xunta de Goberno, de data 21 de maio de 2021, con CSV IV7EXTA4JJXKRXF5VUEVKTTWAY¹, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

2. Acordo da Xunta de Goberno, de data 23 de xullo de 2021, con CSV IV7E2YK5NJVNRPF4ANMDCT7UGA, polo que se acorda a adxudicación da contratación.

3. Contrato asinado o 27 de agosto de 2021 coa empresa Repsol Butano S.A., con CSV IV7EJOB6MB6OJLE75UYD74ZU4Q.

4. Acta de inicio asinada coa empresa Repsol Butano S.A., con CSV IV7EJOB7GD7PVGB4CZM4ALTO4Q, que establece que a execución do contrato comezará o día 1 de setembro de 2021, cunha duración de nove meses.

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



5. Decreto de prórroga de 25 de marzo de 2022, con CSV IV7CE2BYFIUMJLUTSU7H4Q7SIE, polo que se resolve: Aprobar a prórroga da contratación da subministración de gas propano con destino aos centros de atención a persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna e Ribas de Sil, por un importe máximo de 104.310,00 €, aos que haberá que engadir 21.905,10 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 126.215,10 €, mantendo inalteradas as condicións e obrigas contractuais, por un período de nove meses, desde o 1 de xuño de 2022, co seguinte desglose por anualidades:

Anualidade 2022 (7 meses): 98.167,30 euros.

Anualidade 2023 (2 meses): 28.047,80 euros.

6. Proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade de modificación do contrato, de data 21 de outubro de 2022, con CSV IV7AY6YI3N6ZVGNSUFAME5ASM4.

7. Consignación orzamentaria de data 31 de outubro de 2022, con CSV IV7A2XRTJU7NTVGN5XWU7YXFGA, por un importe total de 6.755,20 €.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- O PCAP reitor desta licitación prevé, no punto U do Cadro resumo, a modificación seguinte:

Modificación: Prevista, do 20%, para posibles incorporacións de centros ou maiores necesidades de gas propano. A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

Cúmprese o preceptuado nesta cláusula:

1.- A proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade consiste na incorporación dun novo centro, modificación do contrato prevista na letra U do cadro resumo do PCAP: “tendo en conta que no CAM de Meira acabase de instalar un depósito fixo de gas propano comercial en propiedade da Deputación Provincial de Lugo solicítase a modificación do contrato co gaio de poder subministrar gas propano canalizado neste centro e máis tendo en conta que actualmente no CAM de Meira existe un contrato de subministro de gas propano de maneira temporal e transitorio para a súa posta en marcha que está a piques de finalizar”.

2.- A modificación non supón unha alteración do prezo contractual superior ao 20%:

IMPORTE TOTAL ADXUDICACIÓN IVE incluído	IMPORTE CAM MEIRA	PORCENTAXE DE MODIFICACIÓN
126.215,10 €	6.755,20 €	5,35 %

3.- Aplicaranse as condicións da adxudicación: unha redución de -0,181 euros/Kg sobre os prezos de venta publicados no BOE e establecidos polas resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e minas para os gases licuados do petróleo por canalización para o termo variable do subministro de gases licuados por petróleo por canalización a usuarios finais que se atopen en vigor na data de publicación dos pregos (para a emisión das facturas o que se atope en vigor ao tempo de realizar o subministro).



Para o mantemento e subministración de accesorios ao longo de todo o contrato, o importe será 0 euros. O tempo de entrega xeral do gas propano será de 48 horas e o tempo de entrega urxente será de 12 horas.

Segunda.- É de aplicación o artigo 204 da LSCP (modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares).

Terceira.- De acordo co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP “Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 109 da LCSP.”

Sendo necesaria, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

Cuarta.- O PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3: “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, e que figura no cadro resumo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial..

Conclusión.

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, infórmase favorablemente a modificación contractual proposta pola responsable do contrato da Subministración de gas propano con destino aos Centros de Atención a Persoas Maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna e Ribas de Sil. 2021/CON_02/000017, entendendo que procede que, polo órgano de contratación, se adopte o seguinte acordo:

Modificar a Contratación da subministración de gas propano con destino aos Centros de Atención a Persoas Maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do ceBreiro, Navia de Suarna e Ribas de Sil. 2021/CON_02/000017, adxudicado a Repsol Butano S.A., para engadir o CAM de Meira, por un importe de 5.582,81 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 1.172,39 €, o que fai un total de 6.755,20 €.

Son de aplicación as condicións de adxudicación: unha redución de -0,181 euros/Kg sobre os prezos de venta publicados no BOE e establecidos polas resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e minas para os gases licuados do petróleo por canalización para o termo variable do subministro de gases licuados por petróleo por canalización a usuarios finais que se atopen en vigor na data de publicación dos pregos (para a emisión das facturas o que se atope en vigor ao tempo de realizar o subministro). Para o mantemento e subministración de accesorios ao longo de todo o contrato, o importe será 0 euros. O tempo de entrega xeral do gas propano será de 48 horas e o tempo de entrega urxente será de 12 horas.

Aprobar o devandito gasto, financiándose, segundo consta no informe da Intervención Xeral con CSV IV7A2DSCHFVKZSO527QBGTYPEU , de acordo coas seguintes anualidades:

CENTRO	ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	AD
CAM MEIRA	2022	2315.22102	3.377,60	92022/8547
	2023	2315.22102	3.377,60	920029/375
SUMA			6.755,20	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada

A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE, isto é 279,14 €, constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo



de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.

E todo canto procede informar, salvo mellor criterio fundado en dereito.”

En base ao que vai dito, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a Contratación da subministración de gas propano con destino aos Centros de Atención a Persoas Maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna e Ribas de Sil. 2021/CON_02/000017, adxudicado a Repsol Butano S.A., para engadir o CAM de Meira, por un importe de 5.582,81 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 1.172,39 €, o que fai un total de 6.755,20 €.

Son de aplicación as condicións de adxudicación: unha redución de -0,181 euros/Kg sobre os prezos de venta publicados no BOE e establecidos polas resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e minas para os gases licuados do petróleo por canalización para o termo variable do subministro de gases licuados por petróleo por canalización a usuarios finais que se atopen en vigor na data de publicación dos pregos (para a emisión das facturas o que se atope en vigor ao tempo de realizar o subministro). Para o mantemento e subministración de accesorios ao longo de todo o contrato, o importe será 0 euros. O tempo de entrega xeral do gas propano será de 48 horas e o tempo de entrega urxente será de 12 horas.

2º.- Aprobar o devandito gasto, financiándose, segundo consta no informe da Intervención Xeral con CSV IV7A2DSCHFVKZSO527QBGTYPEU , de acordo coas seguintes anualidades:

CENTRO	ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	AD
CAM MEIRA	2022	2315.22102	3.377,60	92022/8547
	2023	2315.22102	3.377,60	920029/375
SUMA			6.755,20	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada

3º.- A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE, isto é 279,14 €, constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DA POBRA DE BROLLÓN ADXUDICADO Á ENTIDADE SERGONSA SERVICIOS S.L.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Se toman en consideración como antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo, en especial os seguintes feitos e documentos:

Con data de 12 de maio de 2022 formalizouse o contrato administrativo para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón coa entidade Sergonsa Servicios S.L.

Asinouse acta de comprobación do replanteo de data 8 de xuño de 2022, sen observacións.

Constan diversos escritos do contratista solicitando a modificación do contrato antes do seu inicio.

Asimesmo, obra no expediente, que esta administración ten requirido o inicio das obras sen que conste que se producira o mesmo.

Consta solicitude do contratista de data 21 de setembro de 2021 de suspensión indefinida da execución do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada pola adxudicataria.

Consta Informe da xefa do servizo de arquitectura con CSV: IV7A6LTZF55KTXELCV6W4BTD6E, no que conclúe que non procede estimar a solicitude do contratista e se propón a resolución do contrato.

A Xunta de Goberno con data 14 de outubro de 2022 adoptou diversos acordos, entre eles e no que respecta ó asunto que se informa resolveu:

“.....

3.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adxudicado á entidade Sergonsa polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer incumprimentos, imputables ó contratista ó abeiro dá documentación obrante no expediente, resultando os mesmos o incumprimento de obrigas esenciais, que o prego configura como causa de resolución contractual.

4.- Dar trámite de audiencia a Sergonsa, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días naturais na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

5.- Finalizado o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

.....”

Quinto.- Notificado o devandito acordo o 17 de outubro de 2022, o contratista remitiu alegacións con data 27 de outubro de 2022 nas que se opón á resolución contractual.

Procedeuse ó análise das mesmas, con plena garantía do principio de contradición e congruencia da resolución, que se deba adoptar en atención a seguinte;

Normativa aplicable:

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das AA.PP., aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pregos de Cláusulas Administrativas do expediente de contratación.

Regulamento Orgánico Provincial.

Consideracións:

I.- Sobre os antecedentes e as alegacións formuladas por Sergonsa.

O relatorio dos feitos reproducidos nas alegaciónsm debe ser rexeitado en tanto se opón á realidade obrante no expediente administrativo, compre por tanto reafirmar, que resulta probado o incumprimento primitivo do contratista da súa obriga esencial respecto do establecemento do sistema de seguemento comprometido e que este representa unha infracción dos apartado 22.2.2 do



prego coas consecuencias da resolución contractual segundo o previsto no apartado 25 e 28 do PCAP e nos artigos 211 e seguintes da lei.

Con carácter xeral recórdase que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria, que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salivade ou reserva algunha...”

Queda advertido por tanto, o carácter vinculante do prego como “lex contractus”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

O contratista, nas súas alegacións, asume que se trata dunha obriga contractual pero non acerta a explicar o motivo do seu incumprimento contractual, centrando as súas alegacións na insistente idea de lograr diluir a súa baixa na licitación, mediante a aprobación dun modificado que tal e como recorda o servizo de arquitectura:

“El contratista, por su parte, valora "la modificación del contrato" en 1.730.993,50 euros (ejecución material), lo que supone un incremento de 396.120,65 euros, es decir un 29,67 %, para construir el mismo edificio descrito y valorado en el proyecto aprobado.”

Recordemos que a baixa de sergonsa foi do 14%, (245.078,56), é dicir que está a reclamar sen xustificación técnica, xurídica, nin fáctica, un incremento do dobre da súa baixa.

Respecto das alegacións do contratista compre sinalar:

A doutrina da prelación da tramitación das causas de resolución, o artigo 211.2 da LCSP establece que, nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecera con prioridade no tempo. O que implica que, no caso de concorrencia de varias causas de resolución do

contrato, debe ser aplicada preferentemente a que se producira cronoloxicamente en primeiro lugar (en tal sentido, p. ex., ditames 466/2015, 230/2016 do Consello Consultivo de Galicia, e tamén ditame nº 108/2020. O respecto, tal e como consta no expediente a causa de resolución invocada polo contratista xa foi resolta.

Que as obrigas que se observan incumpridas, teñen carácter esencial tal e como recolle o prego:

“22.2. Condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos deresolución contractual do artigo 211.1.f, en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP:

Son condicións especiais ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo

211.1.f, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

.....

2. O cumprimento das condicións ofertadas polo adxudicatario segundo os criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda deste prego, e dicir o cumprimento do ofertado relativo a seguimento a través de imaxes, modelo BIM, redución de prazos e mellora de parámetros enerxéticos.

.....

O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais deste apartado 22.2, constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no artigo 211.1, letra f), en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.”

Visto o literal do prego e as propias alegacións do contratista, resulta claramente o incumprimento polo contratista das súas obrigas esenciais, non se esixe elemento adicional á propia vontade do cumprimento polo contratista da súa oferta.

Sergonsa, é a única obrigada pola súa propia oferta, e ademais responsable directa, por non realizar ningunha actuación tendente a execución do contrato nin ó cumprimento dos seus compromisos entre os que se atopaba o establecemento dun sistema de seguimento a traves de



imaxes, que non se ten implantado nin realizado ó non realizarse actividade algunha tendente o inicio da execución do contrato.

En resumo, pretende Sergonsa obviar o seu incumprimento do contrato, baixo a suposta necesidade da tramitación dun modificado, que non resolve problema algún e carece de eficacia distinta a incrementar o beneficio da contratista sen causa algunha.

Consciente do desproporcionado da súa petición e da negativa da administración a aceptar tal alteración inmotivada, pretende argumentar a favor dunha resolución imputable a administración, que xa foi desestimada, pero en nada desminte que ten incumplido as súas obrigas esenciais, e que dita infracción e inobservancia da súa oferta supoñen a causa da tramitación do presente expediente de resolución contractual.

Sergonsa, centra as súas alegacións en tres aspectos que nada teñen que ver coa causa de resolución:

1 A existencia dun correo electrónico do servizo de arquitectura que trata sobre a necesidade de modificación do contrato (que suscitou a propia Sergonsa).

2 A elaboración dun BIM de parte no que fundamenta a necesidade de modificación contractual.

3 O carácter- agora- inexecutable da obra, nos termos licitados, aceptados, formalizados e replanteados pola propia Sergonsa.

A pesar de que as alegacións versan sobre cuestións alleas a causa de resolución contractual que motivan este expediente, ós efectos da plena congruencia da resolución que se dicte, compre destacar, que foi incorporado ó expediente informe do servizo de arquitectura con csv: IV7A2D2KHNMZWSFC6Y5FAALCII, que acredita e sustenta o correcto proceder da administración, e asimismo o escaso rigor das alegacións formuladas por Sergonsa, por isto compre citar aspectos esenciais do informe que refiren:

1. Respecto do correo electrónico do servizo de arquitectura, sinala este mesmo servizo:

“con respecto al correo electrónico de fecha 11 de julio de 2022, con el asunto "propuesta de modificado", enviado por la Jefe del Servicio de Arquitectura, que es a su vez la Directora de las Obras y la redactora del proyecto, indicar que el asunto se refiere a la propuesta de modificado pretendido por la empresa, cuya necesidad no ha sido reconocida jamás por la Dirección de Obra.

De hecho, como se manifiesta en el cuerpo del correo, la Dirección de Obra rechaza y elimina del documento adjunto elaborado por la empresa, tanto las duplicidades de medición evidentes y descaradas, como el cambio del diseño de instalaciones como la electricidad o el saneamiento”.

.....

“Después de estudiar detenida y exhaustivamente las reclamaciones del contratista la Dirección de Obra ha concluido, desde el primer momento y así lo ha puesto por escrito en varios informes anteriores, que las diferencias de medición o la necesidad de inclusión de unidades nuevas están por debajo de los límites fijados por la Ley de Contratos de Sector Publico en el artículo 242.4.ii, que hace que no tengan la consideración de modificaciones y que por tanto no sea necesaria su redacción.”

2. Respecto da elaboración do modelo BIM por parte da empresa:

“Durante la elaboración del este modelo virtual de la construcción no se mantuvo el más mínimo contacto con la proyectista que también ejerce las funciones de Dirección de Obra, de manera que los encargados de modelar hicieron la interpretación que quisieron de la documentación facilitada durante la licitación.

Pero es que a mayores la bondad, precisión, calidad de un modelo virtual de la construcción no es intrínseca por el simple hecho de serlo. Al igual que los edificios, los modelos pueden tener muy diversa calidad. El contratista basa sus reclamaciones en la supuesta bondad intrínseca de un modelo virtual de la construcción elaborado exclusivamente por el dando por indiscutible su calidad. Dicho de otro modo, puede haber tantas variaciones del modelo como intereses de las empresas licitadoras que lo elaboren.



Lo cierto es que el archivo informático que contiene el modelo non venía acompañado de ningún documento que definiese sus bases, reglas y normas internas que permitiese su manejo por otros (en este caso la Dirección de Obra), de manera que este modelo es simplemente un gran cantidad de datos sin orden y por tanto inmanejables.

Como ya queda dicho en este informe y detalladamente explicado en el informe con marca IV76LTZF55KTXELCV6W4BTD6E, la casi totalidad de las pretensiones del contratista, no necesitan apoyarse en ninguna maqueta virtual para quedar desacreditadas por absurdas y descaradas.”

3. Sergonsa argumenta que o proxecto ó que licitou e ofertou, resulta agora inexecutable, “*ab initio*” sen a súa modificación.

Respeto da dita alegación, compre sinalar e que a necesidade de modificación foi descartada polo servizo de arquitectura, debemos destacar o literal do dito informe por canto explica de xeito sinxelo e resumido as pretensións de Sergonsa e motiva a improcedencia da súa aceptación:

“Resumidamente la totalidad de sus reclamaciones, cuya inadmisibilidad quedó justificada en el informe antes citado, se pueden encuadrar en los tipos siguientes:

1.- El contratista pretende convencernos de que un problema que se resuelve desplazando tres arquetas unos centímetros para separarlas de una zapata de cimentación, necesita sustituir el diseño proyectado por otro esencialmente igual pero cambiando los nombres de las unidades, lo que le permite incrementar el importe del capítulo de saneamiento horizontal en casi 30.000 euros.

2.- El contratista intenta, bajo la excusa de un mejor funcionamiento, modificar el diseño de instalaciones como la eléctrica o la calefacción y el ACS, introduciendo unidades nuevas que no son exigibles normativamente para introducir precios nuevos y dejar de ejecutar unidades a precios de proyecto.

3.- El contratista intenta cobrar dos veces algunas unidades como los vidrios, las estructuras de falsos techos exteriores o fachada, afirmando que no están medidas y presupuestadas, cuando están incluidas y valoradas en las unidades de carpintería metálica, revestimientos de fachadas y falsos techos de aluminio.

4.- Por último, pretende cambios de criterio que resultan habituales, para justificar excesos de medición.”

Vistas as alegacións do contratista contra a incoación, se ratifican os feitos sinalados ó longo do expediente, e por tanto acredítase o incumprimento da obriga de carácter esencial, incumprimento que o propio contratista asume nas súas alegacións.

Procede así dacordo cos informes obrantes no expediente, resolver o contrato por culpa do contratista incumpridor “das condicións ofertadas polo adxudicatario segundo os criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda deste prego, e dicir o cumprimento do ofertado relativo a seguimento a través de imaxes, modelo BIM, redución de prazos e mellora de parámetros enerxéticos.”

Recordemos asimesmo, que o cumprimento de dita obriga primitiva frustra de xeito claro ao contrato ó producirse no marco da mais absoluta inactividade nunha situación absoluta pasividade e inexecución material, a pesar da plena eficacia dos actos administrativos que requirían a execución do contrato ó non detectar na parcela rastro de actividade nin dos medios auxiliares que acompañan as operacións de inicio tales como casetas, grúa, vaiado etc...

II.- Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego na súa cláusula 22.2 como causa de resolución:

“O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.”

Ditos artigos sinalan:

Art. 211 f “Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos.....”



Art. 202.3 “Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211....”

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais previstas na cláusula 22.2 e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e causas de resolución do contrato segundo o disposto na cláusula vixésimo quinta.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade das mesmas, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería, acordar a resolución por causa imputable o contratista cos seguintes efectos adicionais:

1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP) e 213.5 no canto se debe producir pronunciamento expreso ó respecto da procedencia de dita incautación, que neste caso se estima procedente de conformidade con consolidada xurisprudencia (SAN 4964/2012).

2. Posible Indemnización por danos e perdas, no importe que exceda a garantía incautada.

3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP), que seguirá un procedemento ó efecto.

III.- Sobre o procedemento.

Vistas as alegacións, e a plena satisfacción do iter procedimental marcado na normativa, a teor do disposto no artigo 212.1 da LCSP 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001, procede a continuación do dito expediente, solicitando ditame do Consello Consultivo, respecto da proposta de resolución cando se formule oposición por parte do contratista como ocorre neste expediente.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

IV.- Sobre o órgano competente.

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a Presidencia, ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó órgano de contratación, facultando ó Presidente para a remisión do expediente o Consello Consultivo de Galicia e solicitude do previo e preceptivo ditame deste órgano, que adopte o presente como proposta de resolución nos seguintes termos:

1º.- Resolver o contrato de obra para a construción dun Centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adxudicado á entidade Sergonsa Servicios S.L, desestimando as alegacións formuladas polo contratista, polas causas expresadas no corpo do presente, concorrendo incumprimento con natureza de obriga esencial, ó abeiro da documentación obrante no expediente.

2º.- Notificar a presente á entidade Sergonsa Servicios S.L, con indicación expresa, de que o presente acto é de trámite, sen que proceda a interposición de recursos, ate a adopción do acto que poña fin á vía administrativa.

3º.- Resolto o expediente de resolución, proceder no seu caso, a ~~simismo~~ ón de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e ~~simismo~~ o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.



4º.- Proceder á incautación da garantía definitiva constituída por importe de 68.285,00 €, resultan avalista Generali España SA, coa referencia de depósito na tesourería provincial 32021001990.

5º.- Dar traslado da presente proposta de resolución ó consello Consultivo de Galicia para emisión do seu preceptivo informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo a subscribir co Concello de Muras.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta dunha actividade, “Organización da XXXIV Feira do Poldro e Gando do Monte”, para o fin común de promoción das feiras no rural; e do gasto, por importe de 3.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Muras, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.

Don Manuel Requeijo Arnejo, en nome e representación do Concello de Muras, con NIF: P2703300J, presentou a través do SIR, escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial

de Lugo, da actividade “Organización da XXXIV Feira do Poldro e Gando do Monte”, para o fin común de promoción de feiras no medio rural, e que tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade o 28 de setembro de 2022 (RE nº 2022RPE017071).

Detectados erros na documentación integrante da dita solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requiriuse ao Concello de Muras para a súa emenda, o que aconteceu coa presentación da correspondente documentación o 18 de outubro de 2022 (RE nº: 2022RPE018121).

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:

“(…).

Consideracións legais e técnicas.

Normativa aplicable.

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

O Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).



As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

Relacións interadministrativas.

A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Muras configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.

Títulos competenciais.

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, 109.1.d) da LALGA, e 30.1.a) do TRRL.

Pola súa banda, o Municipio de Muras ostenta competencias propias, entre outras, en materia de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, en virtude do establecido na letra i) do artigo 25.2 da LRBRL.

Financiación das actuacións.

O custo total de execución das actuacións que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 29.344,48 € (IVE incluído), que se financiarán do xeito seguinte:

Deputación Provincial de Lugo: 3.000 €.

Concello de Muras: 26.344,48 €.

O Concello de Muras achegará a cantidade que, de ser preciso, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Documentación integrante da solicitude.

No anexo I, memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación formalizada mediante un convenio interadministrativo, indícase que o Concello de Muras se compromete a achegar a cantidade de 12.789,15 €.

Con todo, esta referencia constitúe un erro material patente, pois do resto da documentación que integra a solicitude dedúcese claramente que o compromiso do Concello é o de achegar 26.344,85 € como contribución ao fin común.

Por elo, en aplicación dos principios de axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público como de obrigado cumprimento na actuación das Administracións Públicas; e do principio de celeridade, previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estimo axeitado dar trámite á solicitude sen efectuar un novo requirimento ao Concello de Muras, pois, tal e como quedou exposto, do conxunto da documentación integrante da solicitude dedúcese claramente que o erro citado consiste nun erro material que non impide a tramitación de aquela.

Órgano competente para a aprobación do convenio.

En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de Muras, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:



O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta da actividade, “Organización da XXXIV Feira do Poldro e Gando do Monte”, para o fin común de promoción das feiras no rural; por importe total de 29.344,48 €, dos que 3.000 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo e 26.344,48 a cargo do Concello de Muras.

O gasto, por importe de 3.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.”

No expediente constan, ademais:

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 7 de novembro de 2022.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta da actividade “Organización da XXXIV Feira do Poldro e Gando do Monte”, para o fin común de promoción das feiras no rural, por importe total de 29.344,48 €, dos que 3.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 26.344,48 € a cargo do Concello de Muras.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 3.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Muras, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo a subscribir co Concello de Foz.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, para a realización conxunta da actividade “Adquisición de vehículo de segunda man para a brigada de incendios do Concello de Foz”, para o fin común de prevención e loita contra os incendios forestais; e do gasto, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Foz, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O representante legal do Concello de Foz solicitou, o 19 de outubro de 2022, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº 2022RT013573), a subscrición dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta da actividade, “Adquisición de vehículo de segunda man para a brigada de incendios do Concello de Foz”, para o fin común de prevención e loita contra os incendios forestais.



No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 2 de novembro de 2022.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, para a realización conxunta da actividade “Adquisición de vehículo de segunda man para a brigada de incendios do Concello de Foz”, para o fin común de prevención e loita contra os incendios forestais; por importe total de 20.000 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada que ten por obxecto cooperar no financiamento da “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada”.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins común de “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada”, consta no expediente:

Solicitud do Concello de Trabada con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/016979 que inclúe ademais:

Proxecto - memoria valorado do investimento.

Declaracións responsables relativas a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello de Trabada.

Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

Memoria de impacto económico.



Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento.

E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, o deputado que subscribe propón que por parte da Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada”, cun orzamento total de 91.676,64 €.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 20.806,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Trabada en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA, RECAÍDA SOBRE O PREZO XUSTO DE BENS EXPROPIADOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Proponse á Xunta de Goberno a adopción de seguinte acordo:

Obra FOZ.- Acondicionamento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)-San Acisclo (LU-152A)”.
P.K. 5,100 ao 5,236.

Con base no informe do Xefe de Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos que di:

Vista a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia, adoptada en relación co expediente expropiatorio conseguinte ao proxecto FOZ.- Acondicionamento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)-San Acisclo (LU-152A)”. P.K. 5,100 ao 5,236, non procede a revisión en vía xurisdiccional do mencionado acordo, xa que non se dan os supostos contemplados no art. 126 da Lei do 16 de decembro sobre expropiación forzosa e no art. 140 do seu Regulamento.

Polo que vai dito, o que subscribe informa que procede aprobar a cantidade fixada polo Xurado, para a finca, propietario e importe que a continuación se indican, non sendo necesaria ningunha consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial por coincidir o importe da resolución coa valoración da folia de aprecio desta Administración:

Nº Finca	Titular	Depósito previo consignado (Acordo XG 28/01/2022)	Importe consignado da folia aprecio (Acordo XG 13/05/2022)	Importe da resolución do Xurado	Diferenza entre o consignado e a resolución do Xurado
5	Fermín Río Cela	53,69 €	123,76 €	177,45 €	0 €
TOTAIS:		177,45 €		177,45 €	0 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/096, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:



“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/096, correspondente á CMVMC de Ligonde (Monterroso), destinada as obras de “Mellora e adecuación do firme de camiño”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.985,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Darío Rodríguez Vázquez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da CMVMC de Ligonde, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/096, destinada ás obras de “Mellora e adecuación do firme de camiño” por un importe de 5.985,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2021/050 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de Valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/050, correspondente á Asociación de veciños de O Cantal (Ribadeo), destinada ás obras de “Eliminación Barreiras Arquitectónicas, Reparación Cuberta e Equipamento”, concedéndolle unha subvención por importe de 2.644,33 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, ano 2021.

Segundo.- dona María Concepción González Amor (Ribadeo), en representación da Asociación de veciños de O Cantal, presenta escrito con data de rexistro de entrada 7 de novembro de 2022, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2021/050.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por dona María Concepción González Amor (Ribadeo), en representación da Asociación de veciños de O Cantal, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 15 de xullo de 2022, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/050, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 2.644,33 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2021/063 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:



“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de Valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/063, correspondente á Asociación de veciños de Ventorrillo e Suairexa (Sober), destinada ás obras de “Reparación depósitos auga”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, ano 2021.

Segundo.- dona Tania Vázquez Outomuro (Sober), en representación da Asociación de veciños de Ventorrillo e Suairexa, presenta escrito con data de rexistro de entrada 7 de novembro de 2022, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2021/063.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por dona Tania Vázquez Outomuro (Sober), en representación da Asociación de veciños de Ventorrillo e Suairexa, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 15 de xullo de 2022, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/063, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 6.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2021/064 DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de Valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/064,

correspondente á comunidade de augas potables Amandi-Pombeiro (Pantón), destinada ás obras de “Renovación tuberías manantiais”, concedéndolle unha subvención por importe de 2.815,65 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, ano 2021.

Segundo.- don José Álvarez Carpintero (Pantón), en representación da comunidade de augas potables Amandi-Pombeiro, presenta escrito con data de rexistro de entrada 2 de novembro de 2022, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2021/064.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por don José Álvarez Carpintero (Pantón), en representación da comunidade de augas potables Amandi-Pombeiro, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 15 de xullo de 2022, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/064, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 2.815,65 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2021/089 DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de Valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/089, correspondente á SOFOR Monte Uceira de la Parroquia de Cirio S.L. (Pol), destinada ás obras de “Mellora da accesibilidade aos montes da SOFOR Monte de Uceira”, concedéndolle unha



subvención por importe de 4.703,32 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, ano 2021.

Segundo.- don José Manuel Tellado (Pol), en representación da SOFOR Monte Uceira de la Parroquia de Cirio S.L., presenta escrito con data de rexistro de entrada 27 de outubro de 2022, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2021/089.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por don José Manuel Tellado (Pol), en representación da SOFOR Monte Uceira de la Parroquia de Cirio S.L., e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 15 de xullo de 2022, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/089, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 4.703,32 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2021/126 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de Valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/126, correspondente á Agrupación de veciños de Serra e Troncos (A Fonsagrada), destinada ás obras de “Mellora da traída de augas”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.700,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, ano 2021.

Segundo.- don Marcos Álvarez Álvarez (A Fonsagrada), en representación da Agrupación de veciños de Serra e Troncos, presenta escrito con data de rexistro de entrada 27 de outubro de 2022, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2021/126.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por don Marcos Álvarez Álvarez (A Fonsagrada), en representación da Agrupación de veciños de Serra e Troncos, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 15 de xullo de 2022, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/126, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 5.700,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “XOGOS TRADICIONAIS GALEGOS EN TEMPOS DE RECOLLIDA”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Xogos tradicionais galegos en tempos de recollida”; a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que son autores o Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego e Iván Mouronte como ilustrador, na cantidade de dezasete euros (17,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de dezaseis euros con trinta e cinco céntimos (16,35€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).



14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “A ARTE QUE CURA”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “A arte que cura”; a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autora Mónica Alonso, na cantidade de doce euros (12,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de once euros con cincuenta e catro céntimos (11,54€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “LIBRO DE OURO. SOCIEDADE CULTURAL RECREATIVA LA UNIÓN DE SARRIA”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Libro de ouro. Sociedade cultural recreativa La Unión de Sarria”; a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que son coordinadores don Xaime Félix López Arias e o Seminario de Estudos Sarriaos, na cantidade de trinta e cinco euros (35,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de trinta e tres con sesenta e cinco euros (33,65€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

16.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS

DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de tres mil catrocentos noventa e un euros (3491,00 €) a Club Deport. Centro Deportivo D10 para Padel; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial de data 22 de outubro de 2021, polo que se resolve o procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, ano 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138, do sábado 19 de xuño de 2021, emítase o seguinte,

Informe:

Primeiro. Que o Club Deport. Centro Deportivo D10 presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 03/05/2022 10:44:38 e numero de expediente 2022/PES_03/008328 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrência competitiva, anualidade 2021, concedida para a actividade Padel dentro da liña de actividade competitiva, por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de outubro de 2021.

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2021, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 11 de xuño de 2021, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.



Anexo II: Memoria de actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade e dos resultados obtidos.

Cadro de importes de financiamento.

Declaración do custo total da actividade subvencionada.

Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

Anexo III: Declaración responsable relativa a:

I. Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

II. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

III. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

IV. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

V. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

VI. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VII. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Anexo IV (actividade competitiva/eventos).

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Outra documentación.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos) afectados á Deputación:

Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto de xustificantes comprobarase unha mostra que polo menos supoña a seguinte porcentaxe en función do número de xustificantes:

Menor ou igual a 10, 10%.

Entre 10 e 30, o 5%.

Superior a 30, o 2%.

Para os efectos de presentación e acreditación de facturas, xunto co resto da documentación xustificativa esixida nas respectivas bases da convocatoria, os beneficiario deberá formular escaneo das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos.

Soamente terán que presentar os xustificantes de gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto do contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores:

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa , deberá realizarse antes do remate do prazo de



xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data”, asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Só se terán que presentar os xustificantes de pagamento das facturas imputadas á subvención da Deputación de Lugo.

En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a referida documentación xustificativa, con data 04/05/2022 09:04 e número de rexistro de saída 2022RPS006105, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

Anexo IV Relación clasificada e imputación de gastos.

No punto 1 a disciplina é incorrecta (Pádel).

O importe da factura 21043 é incorrecto (870 €).

Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) debe indicar como mínimo facturas polo importe da subvención concedida.

Anexo II Memoria xustificativa.

No punto III a desviación entre o orzamento (3675 €) e o custo total (4370 €) é incorrecta (695 €).

A factura 21072 da Federación Galega de Pádel de 3000 € non esta pagada dende a conta do beneficiario. Acreditase o pagamento de 1500 € por Tennis La Roca SL.

A factura 21043 da Federación Galega de Pádel de 870 € non esta pagada dende a conta do beneficiario. Acreditase o pagamento de 870 € por Tennis La Roca SL.

Non se acredita o pagamento da factura 21100 da Federación Galega de Pádel de 450 €.

Non se acredita o pagamento da factura 21101 da Federación Galega de Pádel de 50 €.

Cuarto. Que consta recepción electrónica do referido requirimento asinada por parte do beneficiario de data 09/05/2022 11:46:45.



Quinto. Que transcurrido o prazo determinado no requirimento de emenda, non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario Club Deport. Centro Deportivo D10.

Sexto. Que no anteriormente referido requirimento, advertíase que de conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, no suposto de falta de xustificación producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Sétimo. Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2021, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Oitavo. Que con data 18/10/2022 14:31 e numero de rexistro de saída 2022RPS013545 procedeuse a comunicarlle ao beneficiario, á vista do exposto do determinado nas bases da convocatoria, o inicio do procedemento previsto para a declaración de perda de dereito, co respectivo tramite de audiencia previo e por tanto a apertura do prazo previsto para alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considerase pertinentes, de acordo co sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Noveno. Que en aplicación do artigo artigo 41.1, da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que prevé que as notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía, e en relación co previsto no artigo 14.2 da referida Lei 39/2015, consta no expediente electrónico o envío de notificación de requirimento de conta xustificativa de data 18/10/2022 14:31, rexeitada automaticamente con data 29/10/2022 00:10:23. En consecuencia, de acordo ao artigo 43.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o non acceso a unha notificación electrónica posta a disposición na sede, no prazo máximo de dez días implica que a mesma deba considerarse como rexeitada, coas consecuencias xurídicas que carrega o rexeitamento dunha notificación.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Club Deport. Centro Deportivo D10 por importe de tres mil catrocentos noventa e un euros (3491,00 €) para Padel, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 22 de outubro de 2021, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138, do sábado 19 de xuño de 2021.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 22 de outubro de 2021, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138, do sábado 19 de xuño de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE TOTAL DUN MAQUINISTA-CONDUTOR, FUNCIONARIO INTERINO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Antonio Montaña Regueiro, Maquinista-Condutor, funcionario interino, suposto artigo, 10.1.a) do EBEP “Existencia de prazas vacantes, cando non sexa posible a súa



cobertura por funcionarios de carreira”, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose en situación de Incapacidade Temporal.

Considerando que a Dirección Provincial de Lugo do Instituto Nacional da Seguridade Social, en escrito de data 17 de outubro de 2022, comunica o seguinte:

“O Instituto Nacional da Seguridade Social informa que, con data 17-10-2022, resolveu recoñecer unha incapacidade permanente no grao de total a D. José Antonio Montaña Regueiro, con NAF 27-00474267-49, traballador da súa empresa.

Informáse que a prestación de Incapacidade Permanente ten data de efectos económicos 1-10-2022.

Non se prevé que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos”.

Si, no seu día, se adoptase resolución polo INSS na que, debido á ter experimentado melloría, se declarase en situación de apta para o traballo, tería que considerarse, para adoptar resolución sobre este asunto, o que sinale a lexislación administrativa, concretamente o artigo 68.1 do EBEP e a lexislación de función pública vixente, nese momento para adoptar decisión axustada a dereito.

O artigo 194 do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.

Considerando que o artigo 139 do Real Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) "b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións".

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

“Xubilación.

A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala”.

Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Total, de D. José Antonio Montaña Regueiro, con efectos económicos do día 1 de outubro de 2022, data á que se retrotraen os efectos económicos da pensión de invalidez recoñecida ao traballador e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DUNHA VETERINARIA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que dona María de los Ángeles González Machado, Veterinaria do Cadro de Persoal Funcionario, dende o día 1 de setembro de 2011 (con recoñecemento de servizos previos dende o 28 de agosto de 1999), nacida o 2 de xuño de 1953, presentou instancia, rexistrada o día 31 de



agosto de 2022 co número 15.618, no que solicita continuar coa prolongación da permanencia no servizo activo, para poder alcanzar un maior número de anos cotizados e da contía da pensión.

Á vista do contido da solicitude que formula, sobre a prolongación da permanencia no servizo activo despois de cumprir os 65 anos, compre ter en conta o acordado na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, que culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade en materia de xubilación.

En canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no citado Acordo, a tramitación de solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria, farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril, DOGA nº 82, de 4 de maio de 2015).

Tendo presente o disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe sinalar os seguinte aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando o persoal funcionario ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante ao ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de canto antecede, vistos os informes dos servizos e tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión, e que a solicitude está conformada polo Xefe do Servizo e do deputado delegado de Medio Ambiente, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo:

Accedendo á pretensión da funcionaria, Dona M^a de los Ángeles González Machado, de prolongar a permanencia no servizo activo, dende o 2 de decembro de 2022 ata o 2 de xuño de 2023, por cumprimento nesa data da idade máxima ata a que se poderá solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo (Artigo 67.3 do EBEP).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A UN FISIOTERAPEUTA, FUNCIONARIO INTERINO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que mediante escrito de data 26 de outubro de 2022, que tivo entrada nesta Entidade o mesmo día, nº de expediente “2022RT013990”, D. Luis Miguel Rivas Lozano formula solicitude de autorización de compatibilidade, por estar traballando de Fisioterapeuta Autónomo.

Tendo en conta que D. Luis Miguel Rivas Lozano foi seleccionado para prestar servizos como Fisioterapeuta, funcionario interino, por Resolución da Presidencia de data 31 de outubro de 2022, iniciando a súa relación o día 1 de novembro de 2022.



Consideracións legais e técnicas.

Normativa de aplicación.

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 “a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local”.

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión de compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; a a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento.

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: “O exercicio de actividades profesionais, laborais,

mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade”.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas.

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

“En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia”.

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

“1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados”.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:



“1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas esté directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario.

O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece:

“2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.”

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

“O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.”

En consecuencia, dado que a actividade como empregado da Deputación é a tempo completo, cos descansos que establece a Lei, para o cumprimento do sinalado no artigo anterior a presenza efectiva ou dedicación á actividade privada por parte da solicitante non poderá ser igual ou superior a metade da xornada semanal ordinaria de traballo ao servizo da Deputación, concretándose en que non pode superar as 18 horas, 45 minutos.

Tampouco se modificará por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario do empregado.

O informe do Servizo sinala que non existe impedimento para que se lle conceda a compatibilidade para poder continuar dado de alta como Autónomo para o desempeño da actividade profesional de Fisioterapeuta, sempre que non impida o estrito cumprimento dos seus deberes como traballador, non interferindo na xornada nin no horario de traballo, que se desenvolve de luns a venres en xornada partida, así como, coas xornadas de traballo extraordinario que lle sexan designadas, segundo a planilla do Centro, así como, con calquera outra necesidade derivada da propia natureza de funcionamento do Centro de Atención a Persoas Maiores, no cal presta servizos.

Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo.

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

“O recoñecemento de compatibilidade (...) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público”.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:



“O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional”.

Limitacións retributivas.

O artigo 16 da mencionada norma establece:

“Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable , cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.”

Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 31.07.2006) establece:

“Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade.”

Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma.

A solicitude do interesado debe ter a conformidade do Servizo a efectos de garantir que non interfere na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.”

Consecuencia do sinalado, vistos os informes dos servizos, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo concedendo a D. Luis Miguel Rivas Lozano a compatibilidade para poder seguir exercendo como Fisioterapeuta Autónomo, que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos neste Organismo, sen que se modifique por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Régime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 1 de novembro de 2022, data na que D. Luis Miguel Rivas Lozano, empeza a traballar na Deputación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A UN ADMINISTRATIVO, FUNCIONARIO INTERINO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Régime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Visto que mediante escrito de data 7 de novembro de 2022, D. Juan José Rivas Sánchez formula solicitude de autorización de compatibilidade xa que, estando dado de alta no Réxime de Traballadores Autónomos, para o exercicio da actividade profesional de Axente exclusivo de seguros, vai prestar servizos como Administrativo, funcionario interino.

Tendo en conta que D. Juan José Rivas Sánchez foi seleccionado para prestar servizos como Administrativo de Administración Xeral, funcionario interino, suposto artigo 10.1.a do EBEP “Existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira” por Resolución da Presidencia de data 31 de outubro de 2022, iniciando a súa relación o día 1 de novembro de 2022.

Consideracións legais e técnicas.

Normativa de aplicación.

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 “a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local” .

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión de compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; a a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento.

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: “O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade”.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas.

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

“En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia”.

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:



“1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados”.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

“1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas esté directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario.

O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece:

“2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.”

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

“O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.”

En consecuencia, dado que a actividade como empregado da Deputación é a tempo completo, cos descansos que establece a Lei, para o cumprimento do sinalado no artigo anterior a presenza efectiva ou dedicación á actividade privada por parte da solicitante non poderá ser igual ou superior a metade da xornada semanal ordinaria de traballo ao servizo da Deputación, concretándose en que non pode superar as 18 horas, 45 minutos.

Tampouco se modificará por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario do empregado.

O informe do Servizo sinala que non existe impedimento para que se lle conceda a compatibilidade para poder continuar dado de alta como Autónomo para o desempeño da actividade profesional de Axente Exclusivo de Seguros, sempre que non impida o estrito cumprimento dos seus deberes como traballador, non interferindo na xornada nin no horario de traballo, que se desenvolve de luns a venres en xornada partida, así como, coas xornadas de traballo extraordinario que lle sexan designadas, segundo a planilla do Centro, así como, con calquera outra necesidade derivada da propia natureza de funcionamento do Centro de Atención a Persoas Maiores no cal presta servizo.



Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo.

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

“O recoñecemento de compatibilidade (...) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público”.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:

“O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional”.

Limitacións retributivas.

O artigo 16 da mencionada norma establece:

“Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable , cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.”

Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 31.07.2006) establece:

“Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade.”

Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma.

A solicitude do interesado debe ter a conformidade do Servizo a efectos de garantir que non interfere na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.”

Como consecuencia do sinalado, vistos os informes dos servizos, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo concedendo a D. Juan José Rivas Sánchez a compatibilidade para poder seguir dado de alta como Axente Exclusivo de Seguros, que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos neste Organismo, sen que se modifique por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Réxime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.



A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 1 de novembro de 2022, data na que D. Juan José Rivas Sánchez, empeza a traballar na Deputación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.